

Lendas urbanas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cando chegou o escaravello da pataca

Cóntase no Courel (Lugo) que cando chegou a Galicia a praga do escaravello da pataca, a mediados do século XX, houbo quen dixo que o tiraban desde os avións americanos. Moitos afirman que atoparon tarros de vidro cheos (variante: caixas de cartón) de escaravellos. Tamén se conta en Mondoñedo e, en xeral, en case toda Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

PARADA JATO, Jesús Afonso, *Usos, costumes e cousas do Courel*, Toxosoutos, Noia, 2007, páx. 112.